

DEPARTAMENTO DE GREGO

Adaptación dos procedementos de avaliación e cualificación recollidos na programación do departamento para o presente curso (2021-22) aos cambios normativos establecidos na Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, secundaria e bacharelato no sistema educativo de Galicia.

ESO:

1. Avaliacións parciais: tal como estaba establecido, realizaranse tres avaliacións parciais, cos mesmos instrumentos, criterios e estándares de avaliación recollidos na programación. A actividade lectiva da terceira avaliación rematará o 6 de xuño de 2022, data a partir da cal se desenvolverán as sesións correspondentes a esta terceira avaliación.

2. Avaliación final: as sesións de avaliación final terán lugar a partir do día 23 de xuño. O período comprendido entre o 6 e o 22 de xuño (data de remate da actividade lectiva) adicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación dos contidos e competencias traballados ao longo do curso. A orientación deste período será que todo o alumnado acade os obxectivos, competencias e coñecementos establecidos para cada nivel ou etapa.

O alumnado que, despois de realizada a terceira avaliación, obtivese unha cualificación igual ou superior a 5 na media aritmética das tres avaliacións, aprobará o curso. A súa cualificación será, como mínimo, 5, cualificación que poderá mellorar coa realización das actividades de afondamento que programará o departamento. O 10% da cualificación que obteña nestas actividades sumarase á media aritmética das tres avaliacións.

O alumnado que, despois de realizada a terceira avaliación, non acadase polo menos unha cualificación de 5 na media aritmética das tres avaliacións, deberá realizar as actividades de recuperación específicas deseñadas polo departamento para cada unha das avaliacións suspensas de cada nivel e que se desenvolverán antes do 22 de xuño. As avaliacións suspensas, tanto se o alumnado acadou cualificación positiva nas actividades de recuperación realizadas ao longo do curso, antes da terceira avaliación, como se acadou cualificación positiva nas actividades de recuperación entre o 6 e o 22 de xuño, contarán para a media aritmética das tres avaliacións cunha cualificación de 5.

1º de Bacharelato:

1. Avaliación ordinaria: tal como estaba establecido, o departamento realizará tres avaliacións parciais, cos mesmos instrumentos, criterios e estándares de aprendizaxe establecidos na programación. A actividade lectiva da terceira avaliación

rematará o 6 de xuño de 2022, data a partir da cal se desenvolverán as sesións correspondentes a esta terceira avaliación e á avaliación final ordinaria do curso. Para a cualificación da avaliación final ordinaria empregárase a media ponderada que figura na programación. O alumnado que acade unha cualificación de 5 ou máis nesa media ponderada aprobará o curso. En caso contrario, deberá presentarse á proba extraordinaria.

2. Avaliación extraordinaria: as sesións da avaliación extraordinaria terán lugar a partir do 23 de xuño. O período comprendido entre os días 6 e 22 de xuño de 2022 adicarase á preparación e realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. O obxectivo deste período será que todo o alumnado acade os obxectivos e coñecementos establecidos para o seu nivel e etapa.

As probas da convocatoria extraordinaria celebraranse segundo o calendario que elabore a equipa directiva do centro. A cualificación será a obtida na proba obxectiva extraordinaria, na que se empregarán os criterios e estándares mínimos de avaliación indicados na programación.

2º de Bacharelato:

1. Avaliación ordinaria: tal como estaba establecido, o departamento realizará tres avaliacións parciais, cos mesmos instrumentos, criterios e estándares de aprendizaxe establecidos na programación. Os exames finais terán lugar entre os días 28 de abril e 13 de maio de 2022, segundo o calendario organizado pola equipa directiva do centro.

Para a cualificación da avaliación final ordinaria empregárase a media ponderada que figura na programación. O alumnado que acade unha cualificación de 5 ou máis nesa media ponderada aprobará o curso. En caso contrario, deberá presentarse á proba extraordinaria.

2. Avaliación extraordinaria: as probas da convocatoria extraordinaria celebraranse segundo o calendario que elabore a equipa directiva do centro. A cualificación será a obtida na proba obxectiva extraordinaria, na que se empregarán os criterios e estándares mínimos de avaliación indicados na programación.

Dende a avaliación ordinaria final de 2º de Bacharelato ata o remate do curso realizaranse actividades de preparación da ABAU para o alumnado que aprobase o curso e actividades de reforzo e recuperación para o alumnado que deba presentarse á proba extraordinaria.

Alumnado con materias pendentes de cursos anteriores:

No presente curso 2021-2022 non hai alumnado con materias pendentes neste departamento de Grego.